# MANUAL DE USO:

# WONDERFUL WOMEN

    

Este recurso está dividido en dúas partes para facilitar a súa subida á rede.

- **No bloque "Wonderful Women I",** atoparemos a primeira parte do recurso que contén as unidades da 1 á 5.

- **No bloque "Wonderful Women II",** atoparemos a segunda parte do recurso coas unidades 6 á 10.

Ambos bloques teñen unha aparencia similar para facilitar a navegación. O recurso parte dunha **páxina de inicio** na que poderás ver os elementos principais que o compoñen.

Na parte superior do recurso atoparás a **cabeceira** do mesmo e a barra de accesibilidade BatexeGo.




A **barra BatexeGo** permite cambiar a tipoloxía da fonte empregada e o tamaño da letra. Incorpora ademais un sistema para a lectura en voz alta transformando o texto da páxina a son.

Facendo click no botón “Flotar”, a barra acompañará a nosa navegación a medida que nos vaiamos desprazando polo recurso.

Facendo click no botón “Wonderful Women” abrirase a páxina principal do recurso, que sempre estará accesible desde calquera punto. Aquí atoparás un menú horizontal. Nel podes ver as seguintes seccións:

- **Wonderful Women.**
- **Useful tolos.**
- **Guides.**
- **Avaliación e suxerencias.**



- **Lapela “Wonderful Women”:** atoparás a benvida ao recurso e breve explicación sobre o proxecto a súa estrutura.



**- Lapela "useful tools":** nesta sección que terás acceso a ferramentas que poden ser do teu interese e axudarche coa lingua, coma *Wordreference* ou o *Cambridge Dictionary.*



**- Lapela “guides”:** contén os enlaces aos documentos PDF descargables que conteñen a guía didáctica e este manual.



- **Lapela “avaliación e suxerencias”:** nesta lapela atoparás un formulario de Google que podes empregar para avaliar o propio recurso e enviar retroalimentación sobre o mesmo ás autoras.



Na **marxe esquerda aparecerá sempre un menú en bloque** que amosará a páxina de inicio e as cinco unidades cos nomes das mulleres que compoñen cada bloque (Bloque 1: unidades 1 a 5; Bloque 2: unidades 6 a 10). Atoparás tamén ao final do menú a sección "Créditos". No centro da pantalla irase despregando a información do menú sobre a que vaias premendo.

Lembra que na lapela "*Wonderful Women",* no menú da esquerda, podes volver sempre á **páxina de inicio.** Recorda que esta secuencia de contidos está deseñada para a área de Lingua Estranxeira (Inglés) e por iso os materiais están escritos nesta lingua.




Ao facer *click* no nome dunha muller, dentro de cada unidade, **despregaranse sempre os mesmos apartados (5).** Estarán sempre marcados con numeración. Isto facilitará a navegación, xa que todas as unidades teñen a mesma estrutura.

Vexamos un exemplo coa figura de Amelia Earhart (número 1).

Ao facer click **na lapela Amelia Earhart** despregarase o seguinte menú, con cinco subapartados.



# 1. Amelia Earhart:

No centro da pantalla verás unha fotografía e un pequeno avance sobre o que aprenderás nesta unidade.



## 1.1. Who is Amelia Earhart?

Aquí atoparás información sobre a muller á que se lle dedica a unidade. Neste apartado o alumnado atopará datos biográficos en lingua inglesa en formato vídeo, texto e imaxes.




Na mesma sección, poderanse atopar preguntas de comprensión lectora e actividades interactivas que permitirán ao alumno/a asimilar a información que se acaba de expoñer. Estas actividades poden ser do tipo encher ocos, resposta múltiple, verdadeiro ou falso, actividades con plantillas Genially, etc.

## 1.2 The wonders of travelling:

Información sobre o tema transversal a tratar tendo en conta o calendario escolar. Nesta unidade en particular trátanse as viaxes como elemento cultural, pero nas seguintes unidades verás como nesta lapela aparece "Halloween", "World Education Day" ou "Earth day". Nesta lapela o alumnado atopará un pequeno texto e unha serie de actividades. Estas actividades poden ser de tipo interactivo ou actividades que combinan as tecnoloxías co traballo no caderno do alumno ou a interacción na aula (speaking, writing…).



## 1.3. Vocabulary help:

Nesta sección inclúese un vocabulario en formato interactivo para axudar a comprender os diferentes textos e actividades de cada unidade.



## 1.4. Art Project.

Nesta lapela, para pór fin á unidade, desenvolverase un proxecto artístico enmarcado nos contidos da materia de Educación Artística (plástica). O proxecto estará sempre ligado á muller á que se lle dedica a unidade ou o tema transversal da mesma. Nesta lapela poderás ver os materiais e os pasos a seguir para elaboralo, acompañados de fotografías sobre o proceso e o resultado coa creación final.



## 1.5. Assessment:

Nesta lapela atoparás os recursos para avaliar o nivel de adquisición de coñecementos. Deste xeito, atoparás unha rúbrica para o alumnado e outra para o profesorado. As rúbricas son autorrixibles. Se fas *click* no botón “aplicar” que aparece encima da rúbrica, esta abrirase en formato PDF editable, que permitirá marcar as casiñas que consideres e fará de xeito automático a suma da túa puntuación. Esta rúbrica pode ser recollida polo mestre para avaliar cada unha das dez unidades en formato PDF ou ben impresa.



**- Sección "Créditos":** neste apartado podes ver os créditos do recurso, a autoría e o tipo de licenzas empregadas para a súa elaboración.



As dez unidades seguen o mesmo esquema de contidos e, polo tanto, unha vez que se navega por unha, as outras resultarán moi similares. Lembramos que este recurso está deseñado para ser empregado ao longo do curso escolar, traballando cada mes unha muller e unha efeméride do calendario escolar; pero tamén pode ser empregado de maneira illada, escollendo aquela figura que queiramos traballar nun momento puntual. Para facilitar o traballo de mestres e alumnado, na táboa que se amosa a continuación faise un resumo dos contidos que se traballan en cada unha das dez unidades.

| **Unidade** | **Figura feminina** | **Temas transversais e conmemoracións** |
|---|---|---|
| 1 | Amelia Earhart | As viaxes como elemento cultural. (Setembro) |
| 2 | Mary Shelley | Samaín / Halloween (Outubro) |
| 3 | Mary Anning | Mes da Ciencia (Novembro) |
| 4 | Hellen Keller | Día das persoas con discapacidade (Decembro) |
| 5 | Malala | Día da Educación (Xaneiro) |
| 6 | Rosalía de Castro | Día de Rosalía (Febreiro) |
| 7 | Emmeline Punkhurst | Día da Muller (Marzo) |
| 8 | Rosalind Franklin | Día Mundial da Saúde (Abril) |
| 9 | Maruja Mallo | Día da arte galega (Maio) |
| 10 | Rachel Carson | Día do Medio Ambiente (Xuño) |

# WONDERFUL WOMEN:

A project to get to know relevant women in world history through a school year, practicing English and having fun with arts!

**Alba Lorenzo Miguéns e María Lorenzo Miguéns**

**Licenzas por formación curso 2023 – 2024**





